


15-1-27

Núm. 37

nós



CASTELLAS



BOLETIN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

DIREITOR LITERARIO
Vicente Risco

DIREITOR ARTÍSTICO
Alfonso R. Castelao

DIRECCIÓN E REDACCIÓN

Sto. Domingo, 47 - OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 36 1.º - A CRUÑA

ABONAMENTO

Doce números, na Península	6 pesetas.
Fora da Península	15 ..
Número solto na Península	1 ..
Na Argentina	60 centavos
En Cuba	30 ..

OS PAGOS SON ADIANTADOS E OS GASTOS DE XIRO DE CONTA DOS SUSCRITORES

Este boletín non publica mais orixíns qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das idelas n-eles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redacción.

SUMARIO

Poesía, por Alvaro María de las Casas.

Algunhas notas dos meus estudos sobre filosofía galega por Margot Sponer.

A paisaxe no Cancioneiro da Vaticana, por Xosé Filgueira Valverde.

Quod nihil scitur, tradución por Xan Aznar Ponte.

Archivo filolóxico e etnográfico de Galiza

Os homes, os feitos as verbas, pol-a Redacción.

LEA VOSTEDE

A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS
IRMANDADES

Administración Real, 36 - A Cruña



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano IX



Ourense 15 Xaneiro 1927



Núm. 37



Ao marqués de Loroña

No mais alto do monte un penedo,
un carballo n-o meio do val,
unha fror n-a fontíña, e no meio
do carreiro un vello,
qu-está a descansar.

N-o mais alto d'a esperanza unha estrela
que brila brillando non s'ha d'apagar;
unha eterna surrisa pra qu-ela
ande pol-a terra
con nós a cantar.

Pero non, que pra min n'esta vida
n-hay esperanza nen lus a lucir,
teño a morte xa n'esta ferida
que levo escondida
ique é soio pra min!

ALVARO MARÍA DE LAS CASAS

Lamas de Outeiro.



Algunhas notas dos meus estudos sobre filoloxía galega ⁽¹⁾

Como qu'eu un deber, pol-o demais pra min ben grato, qu'eu a grandeza d'euquí, e da forma mais cordial, todal-as atencióis, traducidas en facilidás e consellos pr'os meus traballos sobr'a lengoa galega qu'os señores don Vicente Risco, director da revista NÓS e don Antonio Couceiro Freixomil Inspector de primeiro ensino, tiveron comigo; con moito gusto, e tendo n-elo grande honra, atenderei á súprica do director d'esta revista, Sr. Risco, d'escribir algunhas notas sobr'o galego pra qu'aparezan n-estas illanas.

Hoxe limitareime a algunhas notas soltas sobr'iste tema, por non ter rematado aínda o análise do tod'o material d'estudo que puiden recoller durante a miña estada en Galiza, e que téñ coma fin primordial, esculcal-as diferencias rexionales do galego no tocante á fonética, morfoloxía e léxico.

É interesante tamén, a pesares d'encher ós bos galegos de tristura, ouservar no estado actual do idioma galego, a contaminación co castelao e cuio proceso podemos seguir atentamente.

No léxico dos peisanos achamos en castelao moitas palabras que se refiren á eirexa, á meicía, a espresióis novas técnicas, a xiros comús. Citarei entre varias notas collidas os seguintes exemplos: a *virjen*, *Santa Virgen* (Francelos, Ourense) e *Sarria* (Lugo); namentras que con *virxen* designan ás rapazas solteiras,

comprenden baixo da forma casteláa *virjen* somentes a Santa María. Din: *ofender al Señor*, *servir al Señor*, mais *servir ó tel*. Empregan sempre *Dios* e tamén o *Padre*, contrastando co-a palabra *pai* en moitas rexióis empregada pol-o pai de familias. Desapareceron no falar cotián as formas antigas galegas dos nomes e son substituídas pol-as casteláas, así por exemplo *Tereixa* substitüyena por *Teresa* e *Teresa*, *Piiz* por *Félix*, *Glaio* e *Jullao* por *Julián*; mais consérvanse as formas antigas na toponimia: *Sanfinz* e *Sanfiz* (San Félix, en castelao), *Santa Comba* (Santa Columba), *Santa Baya* (Santa Eulalia), *San Xiao* (San Julián), *San Bréixome* (San Verísimo), ou en apellidos *Oxea*, de *Euxea* (Eugenia), etc.

A palabra *febre* téñ xa en moitos sitios a forma casteláa *fiebre* ou con metátese: *frieve* e ademais *calentura* (Torre, preto d'Allariz, Ourense), e a antiga forma galega *quentura* apricase pra desinar a calor que dá o lume. A antiga palabra galega *doente*, aínda viva no portugués, foi substituída no galego pol-a palabra *enfermo* conservándose *doente* pra desinar o can hidrófobo.

Falou xa o Sr. Risco n-un artigo no *Pueblo Gallego* de qu'a forma *Tribuna* é hoxe a mais usada e non *Tribúa*, porque os cultismos conservan en xeral a forma do idioma d'onde proceden. Asimesmo fórmase hoxe o plural *vagoes*, *automóviles*, ó xeito castelao, namentras que no portugués actual dominan aínda as mesmas leis fonéticas antigas galego-portuguesas e din *vagoes*, *automóveis*, etc.

(1) Os lugares entre corchetes indican, entr'outros, os sitios onde collín as formas citadas. M. S.

Usan os galegos a miúdo no falar as palabras castelás *después* e *bueno* (mais o adxetivo é *bon, bó*, p. enx. (*bon home*). O saúdo é casi xeralmente na forma castelán *buenos días* e cánd'eu lles lía un conto galego en qu'estaba escrito *bos días nos dea Deus*, dixeron qu'o conto gustáballes moito, mais que contiña palabras portuguesas, asegurándome que en galego decíase *buenos días nos dé Dios*.

Depende o grado de contamiñación tamén d'estaren perto de centros culturás, e asina, namentras nas montañas son *ovos, óso*, etcétera, ouvíñ p. enx. en Betanzos (Cruña) pronunciar ós peisanos *juevos* e *huevos*, a primeira, coma dixeron, palabra galega e *huevos* en castelán. E o mesmo usaron en Ribadavia (Ourense) *jueso* e *hueso*, non conociendo xa no seu léxico a verdadeira forma galega. Cantas veces por empregar eu as verdadeiras formas galegas tomáronme por portuguesa!

Podaría citar aínda moitos casos de palabras que se conservan nas dúas formas, galega e casteláa, e outras na que domina hoxe a casteláa. As razóns son ben sinxelas: a xente oi falar o castelán ó crego, ó médzco, ó escolante, ós tendeiros, etc., e parécelles qu'o galego é fala somentes de xente baixa e probe. Importante tamén pr'a dexeneración do idioma natural é a emigración: tantas veces perguntando

eu porqué lles parecía feo o galego, respondéronme *é que no mundo non se comprende o galego*; pra lles o mundo é Buenos Aires, Cuba, La Habana, etc., csegún o sitio pr'onde emigran e por considerarse algo raro alá o seu idioma, avergonzáñse do propio e desexan falar con perfección o castelão.

Eu non quero arestora entrar no asunto de si se debe facer revivir o galego podendo porfir sobrieste punto persoas mais competentes ca min na materia. Mais é certo qu'eu a pesares de ser estranxeira n-esta terra tan fermosa, sinto qu'a sua lengoa tan doce e melodiosa vaia perdendo a sua enxebreza, dando entrada no seu léxico cada día a mais palabras e xiros castelás. Fenómeno inverso pódese observar no pobo de Cataluña, ond'un ardente amor ó seu failles estudar cada día mais afincadamente a perfección e enxebreza do seu idioma, alentándose iste ideal igual nas aldeias que na cibdade. Como queira qu'en Cataluña iste nobre ideal púdese impor, tamén en Galiza cecais virá un tempo en que gracias ós xenerosos esforzos de persoas tan ilustres com'o Sr. Risco purificaráse o doce e fermoso idioma galego.

MARGOT SPONER

Berlín.





A paisaxe no Cancioeiro da Vaticana

por XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

ESTRAITO DO TRABALLO ANUAL PRESENTADO Ó SEMINARIO DE ESTUDOS
GALEGOS NO ANO 1925-1926

Pra Ramón Otero Pedrayo, xeógrafo
de Galiza, afervoadamente.

LIMIAR



idea da paisaxe - di o noso Otero Pedrayo - como combinación dos variados factores do relevo, vexetación, clima, traballo humano, é unha das máis suxestivas da xeografía espresando, nun espazo limitado, a integración dos elementos que separadamente non chegan a ter vitalidade expresiva (1). Esta idea da paisaxe, en toda a súa moderna amplitude, amosa un ronsel literario aínda nos tempos como o medioevo, que non utilizaron en arte a paisaxe máis que como fondo accidental (2).

En literaturas como a dos Cancioeiros galaico-portugueses que eróticas de cheo, non loubaron a beleza da paisaxe máis que na súa utilidade pr'o amor.

O meu traballo de oxe quer soio recoller no Cancioeiro da vaticana as referenzas á paisaxe.

(1) Otero Pedrayo, Síntese Xeográfica de Galiza (3) Paisaxe.

(2) Deica os tempos barrocos se non pintou a paisaxe eizera.

saxe, topadas principalmente nas cántigas rituais, derivadas da festa de Maio e feitas en loubanza da dona virgo. A miña laboureira de anotación e crasificación téa un xeito esquemático. Cicais poida esclarexar en algo ós nosos artistas, lectores de Ruskin (1), e ós nosos psicólogos, afelzoados a Freud. Eu soio quero que na súa cativés poda servir á vulgarización dos temas poéticos dos cancioeiros (2) e dē azos a outros membros do Seminario pra se ocupar d'eles como fontes históricas, seguindo a roita de Carolina Michaëlis de Vasconcellos con traballos someliantes ó de López Aydillo, que desfraga a mínima parte da estrada n'estes eidos.

O SOUTELO

Pra os troveires da Vaticana o lugar axeitado pra amar non é o xardín (3), senón un freixo e

(1) Ruskin, «Os Pintores Modernos», A paisaxe. Capítulos III e VI.

(2) Pra logralo non cito os pasaxes ca grafía do Códice tal que se topan na edición paleográfica Monaci (1873) nin cada resuscitación portuguesa Th. Braga (1879) senón co galego vulgar actual.

(3) Na poesía de Homero, seguindo a Ruskin, o mellor lugar pra os *alophrósios* e pra os amores é o *atrium*. A paisaxe ideal téa unha fonte, unha vizosa leira, un mar calmo e as

recente souteiro de feitio somellante ò que escolleu Bolticelli pra a sua Primadeira:

*Pel-o souteiro de crexente
unha pastor vi andar
moif alongada da xente... (1)*

O souteiro está veira do río:

*Oí ox'eu unha pastor cantar
du cavalgava per unha ribeira (2)
Cand'eu paso por algunhas ribeiras (3)*

lonxe da vila:

*- Al fermosíña, se ben alades,
lonxe da vila quen asperades?
- Vin atender meu amigo (4)*

no camiño francés:

*Cavalgava n'outro día
por un camiño francés
e unha pastor saía
cantando con outras tres... (5)*

ou no monte:

*Se vos non pesar ende
madre irei hú m'atende
meu amigo no monte... (6)*

O souteiro tén boas árbores, bos prados, flores e paxaros cantando namoramentos. Débese ir a él na entrada do tempo cralo ou no vran, de noite:

*María Xenta, María Xenta da sala cintada
hú masastes esta noite, ou quen pos cebada?
Alva, abriadesme alá (7)*

e ò luar:

*A doncela de Bizcaia
aínda min a preito saía
de noite a o luar (8)*

anque é mais doada a luzada do día:

*cando saía la raia
do sol nas ribas do Sar [Mar] (9)
Levad amigo que dormides as mañan-
[nas frías... (10)*

gavilotes de lingua longa e cantar pouzadas nos albres. Esencialmente é a mesma a escea medioeval anque a letra, o mar, a fonte... xa non son Deuses senón que levan a Deus pol-a Beleza. En troques aparés un novo elemento, o xardín, ordoendo como unli- escuma, suscitando á Natureza víxena. Na Galiza, onde son poucos os xardíns, o xardín é o souteiro.

- (1) Xohán Airas de Sant-Iago, c. 384.
- (2) Airas Nunes, Crego, c. 414.
- (3) Id., c. 406.
- (4) Bernal de Bonaval, c. 728.
- (5) Xan de Avoin, c. 378.
- (6) Rui Fernandes, Crego, c. 313.
- (7) Roi Peres de Ribela, c. 1049.
- (8) Roi Peres de Ribela, c. 1008.
- (9) Xohán Airas de Sant-Iago, c. 364.
- (10) Nuno Fernandez Tormerol, c. 242.

*Levantous'a belida,
levantous'alva,
e vai lavar camisas
en o alto
vai las lavar alva (1)*

OS ALBRES

No meu traballo sobor dos maios na Galiza (2) teño d'abondo falado do *baumkultus* galego, tan importante pol-as nosas herdanzas céltigas e priscilianistas. Os albres do Cancioeiro son o piño e as avelaneiras, outras alusions d'esta especie están dirixidas ós ramos porque o materol (3) é alicerce de toda esta poesía referente á dona-virgo (4). Ora que o piño, as avelaneiras e os ramos aparecen sempre floridos porque é na primadeira cando fan beilada as doncelas.

O prestixio erótico da frol - soio comparabre ó das ondas do mar - sai das cántigas rituales e chega astra as razóns D. Afonso X na cántiga 207 da Vaticana, castelán ou feblemente bilingüe poído decir aludindo ó *coñecimento* tiño de unha dona:

*En un tiempo cogí flores
del muy noble paraíso...*

As bailadas de Maio feitas baixo os arbres frolidos aparecen nas mais fermosas cántigas da colleita. O crego Airas Nunes pon en boca de unha nai na C. 464:

*Por Deus, aí, ña filla, faced'a bailada
ante o voso amigo so la flor granada...*

e na 462 somellantes con variantes a 761 de Xohán Zorro dín as mozas:

*Ballemos nos xa todas, todas aí amigas
so aquestas avelaneiras floridas,
e quen for belida, como nos belidas,
se amigo amar,
so aqueste ramo d'estas avelanas
virá bailar.*

(1) *Pilgaxira Valverde*, «Os maios na Galiza». Tr. premiado na Festa da lingua galega de Compostela no ano 1924 e lilo no Seminario de Estudos Galegos o 20 de Abril de 1928. inédito.

(2) Cfr. C. *Carolina Michaelis de Vasconcellos*, «C. de A.» Halle Max Niemeyer, 1905. Vol. II, páx. 260, 270, 312 e 72.

(3) Alfred *Jeanroy*, «Les origines de la poésie lyrique en France au moyen-âge», Paris 1882. *Manohar*, «Wald und Feldkult», Berlin, 1873-93. «Baumkultus», Berlin, 1878. *Pöschel*, «Die Volksfeste der malgrafen», Berlin, 1865. *Gaspar Paris*, «Les origines de la poésie lyrique en France», [Extrait des] «J. des S. Nov. e Dec. 1891. Marzo e Julho 1892.

(4) Don Denis, 172. (*Aíra* é gabanza que se dá ás beiladas. Tamén pódese n-este caso s-ir o rator do día).

Don Denis fala das froles como leito nas cántigas 102 e 137 respectivamente:

*...e deitouse antre unhas flores
e dise con coita forte:
mal ti venga per hu fores
que non és senón mha morte,
ai, amor!*

...e caeu entr' unhas flores.

e amosira un tema de persoalizacion das flores parello a un dos Codax referentes ó mar e a outro do Meogo ó falar dos cervos:

*Ai flores! ai flores do verde piño
se sabedes novas do meu amigo?
ai, Deus, e hu é? (1)*

Esta persoalizacion responde ó senso gureiro da flor do piño e do ramo de Maio pol-as xelras da primadeira (2). O mesmo troveiro refírese a elas na cántiga (3).

*Amigo, meu amado, valla Deus,
vedel-a frol do ramo
e guisade d'andar.*

Do mesmo xelto que as avelaneiras:

*Ai, estorniño do avelanado...
...e pousarei so lo avedanal (4).*

o piño representa tamén a dor da saudade e do amor. Pero González de Portocarrero di:

*O anel do meu amigo [amado]
perdió so lo verde piño [ramo]
e choro eu bela.
Perdió so lo verde ramo [pino]
por en choro en dona d'algo [virgo] (9)*

e Airas Nunes:

*Sol-o verde ramo frofido
budas facen ao meu amigo
e choran ollos d'amor! (6)*

OS PRADOS

O bô soutelo verdece antre o verdor dos prados e tén o chan enfeitado de herba:

*Can' deus paso por algunhas ribeiras,
so boas arvôres, per boas Prado... (7)*

(4) Don Denis, c. 171.
(5) Vd. Th. Braga, C. da V. Trovadores e Cancioneiros portugueses, páxs. XXX e XXXI.
(6) Don Denis, c. 173.
(7) Airas Nunes, c. 454.
(8) Pero González de Portocarrero, c. 507. Entre corchetes as segundas variantes estróficas a sustituir pol-as verbas en cursiva.
(9) Airas Nunes, c. 454.
(1) Airas Nunes, c. 455.

*E as verdes ervas
vi andal-as cervas
meu amigo!
e os verdes prados
vi os cervos bravos
meu amigo (1)*

AS AVES

Un soutelo quer, pra sere de cheo vizoso, paxaros voando pol-os ramos e cantar amores. É a vella tradición do paxaro, siño de sabencia e de beleza. Os troveiros gostan das aves e das suas cántigas:

*...se cantan hi paxaros namoraos
log'eu con amores hi vou cantando
e logo alí d'amores vou trobando
e fazo cantares e mil maneiras.
Ei eu gran vizo e grand'alegría
cando minhas aves cantan no estío (2).*

As aves falan dos amores como o papagai de Don Denis (3), ou escoitan queixas como o estorniño de Airas Nunes:

*Ai estorniño do avelanado
cantades vos e mor'eu e peno
d'amores ei mal! (4)*

e fan coidar no amor:

*E as aves, que voavan
cuando saía lo alvor,
todas d'amores cantavan
pel-os ramos d'arredor;
mais non sei tal que estevese
que en el cuidar podese
senón todo en amor. (5)*

O home amargurado non quer escoital-os paxariños. Di Afonso X:

*Non me poso pagar tanto
do canto das aves nen do seu son.
nen d'amor, nen d'ambizón,
nen d'armas, ca ei espanto... (6)*

O bon cazador non lira ás aves que cantan:

*Seu arco na mano, ás aves fexir
a las que cantavan leixal-as guarir,
a las aves, meu amigo.*

(1) Pero Meogo, c. 754.
(2) Airas Nunes, c. 426.
(3) Don Denis, c. 133.
(4) Airas Nunes, 464.
(5) Xohan Airas, c. 354.
(6) Don Afonso X, c. 28.

*Seu arco na mano a las aves tirar
a las que cantavan non as quer matar.
a las aves meu amigo* (1).

As aves, símbolo do amor, aparecen nun imponderable poema de desdems feito por Nuno Fernandes Tornerol, o mais saudoso dos poetas do Cancioeiro. Reproduzo o íntegro:

*Levad amigo que durmides as mañanas frías;
total-as aves do mundo d'amor dicián
leda m'and'eu.*

*Levad amigo que durmidel-as frías mañanas;
total-as aves do mundo d'amor cantavan
leda m'and'eu.*

*Todal-as aves do mundo d'amor dicián;
do meu amor e do voso i en mentarían
leda m'and'eu.*

*Todal-as aves do mundo cantavan;
do meu amor e do voso i en mentavan
leda m'and'eu*

*Do meu amor e do voso en mentarían,
vos lli tollestel-os ramos en que siían
leda m'and'eu.*

*Do meu amor e do voso i en mentavan
vos lli tollestel-os ramos en que pousavan
leda m'and'eu!*

*Vos lli tollestel-os ramos en que siían
e lli secastelas fontes en que bevían
leda m'and'eu!*

*Vos lli tollestel-os ramos en que pousavan
e lli secastel-as fontes hú se bañavan.
leda m'and'eu!* (2).

As veces os refrans da nosa riquísima paremioloxía tópanse nas cántigas do Cancioeiro. Lembro un referente ás aves dito por Xohan Soares Coello.

*Ca dice o verbo - ca non semeou
millo, quen paxariño receou...*

Outras veces son as creencias populares e os agoiros sobor das aves as que topamos nas cántigas; Xohan Airas, o humorista das supersitibóns, fala moito dos corvos:

*Unha dona, non digo eu cual,
non agoitou ogano mal,
pol-as oitavas de Natal
fa por sua misa oír;
e ouv'un corvo carnazal
en non quis da casa saír...* (3).

(1) Fernand Esquivel, c. 302.

(2) Nuno Fernandes Tornerol, c. 243.

(3) Xohan Airas, c. 1677.

*Don Pero Nuñez era en tornado
e lase a Santiago albergar,
e o agoiro sol el ben catar
ca muitas veces l'ouv'afazado;
e indo da cas ô celeiro
ouv'un corvo voraz e faceiro,
de que Don Pero non foi ren pagado...* (1)

FONTES E CERVOS

Na paisaxe ren garda valor erótico que a i-auga. As fontes, os ríos, os lagos, o mar... tópanse sempre nas cántigas d'amigo. O souteo somella sere escolleito, mais aínda que pol-o frescor da súa serna e pol-a súa vizosa e frondende verdura, pol-o proximidade, sonora e húmida, das augas. Non é do caso falar das moitas cuestións de folk-lore e de psicofisioloxía que suscita o tema pero sí lembrar somentes, pois de todos é coñecida a persistenza d'iste valor nas creencias e na literatura popular galega.

Adico este capítulo ás referenzas do Cancioeiro ás fontes e ós corvos pol-a imposibilidade de desglosar estes dous elementos d'unha belida serie de cántigas de Pero Meogo en que aparecen esencialmente, e c'unha insistencia de xeito temático, constantemente aparelados. Cicais esta serie teña o seu orixe no: «Sicut cervus desideret ad fontes aquarum, ita desideret anima mea ad te, Deus», de tan fondo ronsel na iconografía e na literatura do medioevo; cicais poda sere interpretada de outra maneira. A forman nove cántigas (789 a 797) con unidade de asunto e que como as da serie de Codax e Zorro somellan mal ordeadas no Códice vaticano. Espoño o seu argumento ordeandoas según o meu criterio:

790

A dona conta, en tres estrofas, como o seu amigo lle enviou aviso de que non viña a vela e lle demanda vaia á fonte:

*Dor mul fermosa que sanhuda estou
a meu amigo que me demandou
que o fos'eu ver
a la font hu lcs cervos van beber...*

(1.ª estrofa e engádega)

789

Fala a dona ca sua nai e dílle que pol-o

(1) Xohan Airas, c. 1676.

medo que lle ién non quer ir á cita do amigo.
Catro estrofas, a primeira:

*O meu amig, a que preito tallei
co voso medo mentirle ei
e se non for asañas'a*

795

A dona argalla como recurso o de ire ca nai
á fonte. Tres estrofas:

*Perguntarvos quer eu, madre,
que me digades verdade:
se ousará meu amigo
ante vos falar connigo?*

(1.ª e engádega)

793

Erguese a moza e vai á fonte Pasa o seu
amigo. Tén seis estrofas:

*Levous'a belida
vai lavar cabelos
na fontana fría
leda dos amores
dos amores leda...*

(1.ª e engádega)

*Pasa seu amigo
que lli ben quería
o cervo do monte
a auga volví;
leda dos amores,
dos amores leda!*

(4.ª e engádega)

792

Pergunta a belida ás cervas pol-o seu amigo.
Persoalización e demanda moi usada, como
xa vimos, no Cancioeiro. Duas estrofas:

*Ai cervas do monte, vinvos preguntar,
fois'o meu amig'e se alá tardar
que farei, vellidas?(1.ª)*

794

Fala a dona co amigo. Cántiga de sabor po-
pular, no senso galego da verba sabor, e unha
das mais fer.nosas da nosa poesía. Poño suas
dito estrofas:

*E as verdes ervas
vi andal-as cervas;
meu amigo!*

*E os verdes prados
vi os cervos bravos;
meu amigo!
E con sabor d'elas
lavei ñas garceras;
meu amigo!
E con sabor d'elos
lavei meus cabelos;
meu amigo!
Desque los lavei
d'ouro los liei;
meu amigo!
Desque las lavara
d'ouro las liara;
meu amigo!
D'ouro los liei
e vos asperei;
meu amigo!
D'ouro las liara
e vos asperarara;
meu amigo!*

797

A nai pregunta á filla porqué tardou tanto na
fonte. A filla disculpase con que os cervos vol-
vían á auga pero a nai non a cree. Son seis es-
trofes d'iste xeito lixeiro:

*- Digades, filla, miña filla velida,
porqué tardastes na fontana fría?
- Os amores ei!
- Digades, filla, miña filla louzana,
porqué tardastes na fría fontana?
- Os amores ei?(1.ª e 2.ª).*

Na revista NÓS sairá unha nota miña sobor
do «volver a l-auga».

796

Pero a nosa rompeu na fonte o brial... O na-
morado torna a vela. A nai dá á filla consellos
de nai aproveitada. Tópase n'esta cántiga de
catro estrofas, o simbolismo do cervo, repre-
sentando eralmente o amado e da fonte re-
presentando a dona ou o amor. Di a nai:

*Fostes, filla, en o bailar,
e rompestes hi o brial;
pois o namorado hi ven,
esta fonte seguídea ben,
pois o namorado hi ven.
Fostes, filla, en o reir,
e rompestes hi o vestir;*

QUOD NIHIL SCITUR

(Proseguimento)

Así preséntanos a nós a natureza as cousas qu'han ser coñecidas. Por esto dicía Aristóteles n-un pasaxe «acharse o noso entendemento con relación ás esencia das cousas com'os ollos do corvo con relación á luz do sol». O entendemento xuzga das cousas por simulacros. Poderá ser reuto iste xulcio? Poderíase esto tolerar se de todas as cousas que desexamos coñecer, recibíramos imaxes pol-os sentidos. Mais ó rivés, das cousas principás, non temos ningunha. Somentes as temos dos accidentes, que pr'a esencia da cousa, asegün din, non importa nada; da esencia é a verdadeira ciencia, e os accidentes son os mais despreciabres dos seres. Por estas cousas sensibres convén conxeturar as demais.

Logo as cousas que son sensibres, grandes, despreciabres (os accidentes e as cousas compostas) son coñecidas por nós de calquera xeito. En troques as que son espirituás, súlis, subrimes (os principios das compostas e as cousas celestes) de ningún xeito. E mais estas pol-a súa natureza, son as mais coñecibles, porque son mais perfeitas, mais entés, mais simpres, as tres calidades que producen a coñecencia perfeita. Pra nós sono menos, porque están mais arredadas dos sentidos. As qu'están mais perto d'istes son mellor coñecidas; non por outra razón que porque o noso coñecemento millor pende dos sentidos. Pol-a súa natureza non son nada coñecibles, porque son moi imperfeitas, case nada. O Ente, é o ouxeto, o suxeto e o principio de toda coñecencia, de todo acto e de todo movemento.

Olla conta ocasión d'ignorancia se nos presentou. Halo ver millor cando veñamos á esplicación das cousas. Pois esto soilo foi dito en xeneral; mais non demostra que nada se sabe. Nin eu tempo; ouco me propuxen demostralo (usando a verba demostrar na súa similitudín), nin podería; porque non se sabe nada. Abonda ter presentado dificultás; si as podes vencer, xa sabes algo. Mais non has poder, a non ser qu'ocultamente ch'houberan mandado

outro espírito novo. Poida qu'eso se poida facer, mais hasira d'agora non o vin. Tratamos do que é, non do que pode ser.

Mais as dificultás que hai nas cousas son mínimas se se comparan co-as que hai no que coñece. Efectivamente, o qu'estiver dotado d'un entendemento perfecto e agudisemo e d'un sentido irrepreñsible, pode que poidera vencer as dificultás (concedercicho gratuitamente; anque non poda, a non ser que haxa nacido con todas estas cousas perfectísimas. Mais arestora semella o contrario.

En segundo lugar, na definición da ciencia había o coñecemento; en que se han considerar tres cousas: a cousa coñecida, da que xa se tratou; o que coñece do que trataremos mais adiante, e o coñecemento mesmo que é o auto do entendemento na cousa. D'esto inos tratar agora; mais o mais brevemente que poidamos. Pois ten seu lugar propio no tratado *De Anima*.

E por certo é difícilísima e está chea de perplexidás a contemplación da y-alma das súas facultades e auciós; si é que hai algunha que nono estea. Mais a escuridade sabe r-esto qu'agora investigamos, a coñecenza. Nada hai mais dino na y-alma nin mais excelente, qu'iste coñecemento úneco. Porque si o home o tivera perfecto, sería semellante a Deus, ou millor, o mesmo Deus. Ninguén pode coñecer perfectamente as cousas que non criou. Nin Deus as houbera podido criar, nin criadas, rexilas, se nonas houbera precoñecido.

Logo soilo Dios ten a sabencia, o coñecemento, a comprensión perfecta, o penetra todo, sabeo todo, coñeceo todo e enténdeo; por que El mesmo é todo e está en todo; e todas as cousas están n-El e son por El.

Mais o hominicaco imperfecto e disgraciado, coma vai coñecer as demais cousas, si non se pode coñecer a si mesmo, o que está n-il e coñ? De que xeito vai coñecer as cousas mais aus-trusas da natureza, antr'as que están as espir-

tuás e entre elas a nosa y-alma, o que ausolutamente non entende as cousas crarísemas e manifestas, que come, que bebe, que toca, que ve e que toca, ol?

De certo as cousas qu'agora penso, qu'eiquí escribo, nin eu as entendo, nin ti cando as leas as entenderás. Xuzgaralas se cadra fermosa verdadeiramente ditas. En tales as estimo. E mais na'la sabemos. Inxustamente Escalíxer, anque doutísemo varón, chama absurdo a Vives, porque dí qu'a averiguación dilixente da natureza do entendemento está chea d'escuridade. Si a opinión de Vives é absurda, eu quero que me teñan por home ausurdísimo, porque penso que non somentes está chea d'escu-

ridade, senon que é calixinosa, escabrosa, asfrusa, innaicesibre, tantexada por moitos, por ningún superada, nin superabre. Cecaís il coma tiña un inxenio agudísemo, estimouno fáciie. E en verdade, fermosa e sabiamente escribeu da y-alma, coma das demais cousas que tratou. Mais non ausolutamente, nin pol-o seu orde, nin todo. Dixo moitas cousas, as que arrodoadas de verbas brillantes, engañan a mente e que inxeridas en abundancia parece que apagan a fame. Mais si as miro detidamente, ó fin descubren o artificio, e a cousa déixana tan difícil com'enantes, com'amosstramos no seu lugar.

(Continuarése)

Archivo filolóxico e etnográfico de Galiza

FOLKLORE DE SAN ANDRÉS DE TEIXIDO

Teño de confesar con toda sinxeleza e como un grande pecado que non-o perdono, que cando fun a San Andrés de Teixido pra facer a romaxe que todol-os cristianos estamos na obriga de facer mentras vivimos pra non-a ter que facer de mortos, aínda non tiña lido o intresantísimo libro que D. Federico Maciñeira publicou esgotando por complotado o tema do Santo de Teixido.

Descoñecendo a obra do señor Maciñeira dei en xuntar cántigas do San Andrés, do que xa non m'arrepinto, pois logo poiden comprobar que ó tan escrupuloso historiador, cecaís por non lle dar importancia, descoñeceu a parte do folk-lore que se limitou a tomar do que ó Sr. Pérez Ballesteros xa tiña recollido.

E como queira que entr'as cántigas qu'eu axuntei hai algunhas que non recolleron ningún dos dous nomzados escritores, e ou ras son tan soño variantes das publicadas pol-o señor Pérez Ballesteros, prenciplarei por istas poñéndolas aparelladas pra millor ouservar as diferencias.

Do Sr. Pérez Ballesteros

O San Andrés de Teixido
está dereito na porta
mirando para os romeiros
como lle balxan a costa.

O Santísimo San Andrés
este ano aló non vou;
pol-a falta do diñeiro
¡canta xente se quedou!

A San Andrés de Teixido
fun coa cesta na cabeza;
fun por mar e vin por terra,
o Santísimo mo agradeza.

Variantes

O San Andrés de Teixido
está sentado na porta
ríadose dos seus romeiros
que veñen baixando a costa (1).

Meu Señor San Andresiño
ouíro ano aló non vou;
pol-a falta de diñeiro
¡moita xente se quedou!

Fun a San Andrés de Lonxe
c'unha cesta na cabeza;

(1) Variantes: Como lle ruben a costa.

Vin de San Andrés de Lonxe
coa cesta na cabeza
fun por mar e vin por terra,
o Santo mo agradeza.

Indo para San Andrés
escorrín, caía n-un toxo,
¡adios, toxo regalado,
adios, regalado toxo!

Fun a San Andrés de Lonxe,
fun aló, hei de volver;
quedoume a miña monteira
no altar por recoller.

Tres días hay que non como,
tres días hay que non durmo
para ir a San Andrés
qu'está no cabo do mundo.

O divino San Andrés
está no cabo do mundo;
por lle ver a sua cara
tres noites hai que non durmo

Do Sr. Maciñeira

Indo para San Andrés,
baixando o amilladoiro
acordaronsem'as nenas;
abofé, sei que me volvo.

Tanto estas cántigas, que conteñen pequenas variantes das publicadas pol-o Sr. Maciñeira no seu libro avandito, como as que van dispois, e que eu coído que sexan inéditas, están recollidas por min directamente dos romeiros que fan a viaxe ó San Andrés pol-o camiño de Carño a Teixido, pasando pol-a Herbeira, e do Santuario a Ortigueira indo por Landoy.

D'elas hainas por demais irreverentes e que lembran a outras moi coñecidas, sen que falten tampouco as piadosas qu'imporan favor do santo ou o recorlan con agarimo.

Pertencen as primeiras as tres seguintes:

Meu señor San Andresiño
feito de pau de sanguño
Dios lle dea tanta forza
com'ó porco no luciño.

Sán Andrés de Teixido,
pernas azules,
cúram'estas verrugas
non m'arrabuñes.

fun por mar e vin por terra,
o Santo che mo agradeza.

Indo para San Andrés
prendeume a saya n-un toxo,
¡adios toxo rechinado,
adios, rechinado toxo.

Fun ao santo San Andrés
para o ano ei de volver;
quedoume a miña monteira
no altar por recoller.

Meu señor San Andresiño
qu'estás no cabo do mundo;
pra facerch'a romería
tres noites hai que non durmo

Varlante

Indo para San Andrés,
no primeiro amilladoiro
acordáronsem'as nenas,
abofellas que me volvo.

Adiós San Andrés, adiós,
 Coa tua sardiña de prata
 pescas ti mais dende terra
 que eu coa miña tarrafa.

Esta outra ven a ser unha variante da tan coñecida en Ourense e adicada ó San Amaro d'Oira.

San Andresiño bendito
 feito de pau d'ameneiro
 primo carnal dos meus zocos
 irmán do meu tabaqueiro.

Aluden estas dúas ó apartamento en que s'atopa o santuario do milagreiro San Andrés que tan traballoso fai a romaxe non sómentes pol-a distancia, mais tamén pol-os rúis camiños.

Meu señor San Andresiño
 onde te foron levar,
 entre penas e peñascos
 aló no fondo do mar.

Meu señor San Andresiño
 outro ano aló non vou
 cansém'ó rubil-a costa
 liven que baixar Landoy.

Os marifeiros teñen gran fé na protección que lles dispensa o seu antigo compañeiro e acoden a il nos seus momentos d'anguria como se ve n'estas dúas cántigas.

Meu señor San Andresiño,
 póñanol-o vento en popa
 que somol-os de Cariño,
 traemol-a vela rota.

Esta cántase tamén en Mugardos coa variante seguinte:

Madre de Dios de Chanteiro,
 déanol-o vento en popa
 que somol-os mugardeses
 levamol-a vela rota.

No ano de 1387 houbo unha terrible galerna que asolagou moitas traineras nas costas ortegalesas e d'aquela cantouse esta copla:

Meu señor San Andresiño
 dános moitas sardiñas
 que somol-os de Cariño
 que perdímol-as trañas.

Pol-a intención que garda é notable esta cántiga na que aparece o San Andrés convertido en taberneiro.

Meu señor San Andresiño
 tén unha pipa no monte;
 as mulleres beben viño
 y-os homes auga da fonte

O cancioeiro de Pérez Ballesteros trae unha variante da anterior que di así

O rei mandoum'unha carta
dentro d'unha mazoroca;
que, as mulleres, beban viño
e, os homes, auga choca.

Cando en Cariño inda se pescaba a traíña, viñan traballar, durante a tempada da pesca, homes de Pantín, Vilanova, Santalla e outros pobos da comarca ortegalesa, e ó final-a zafra voltaban aos seus fogares cheos da ledicia que dá o contar co sustento pr'o inverno. Entre as coplas que iban cantando pol-o camiño figuraba ésta de despedida:

Adios San Bartolomé,
adios Puerto de Cariño,
adios Virgen de la Piedra
e San Andrés de Teixido.

E derradeiramente darel esta outra despedida que é unha verdadeira descrición da costa ortegalesa.

Adios Estaca de Bares,
Aguiloes de Cariño;
un pouquiño mais adiante
o San Andrés de Teixido.

Coa que pecharei a exposición das cántigas referentes ao San Andrés de Teixido por min recollidas, pequena contribución ao xa extenso folk-lore d'iste santo e que non embargante eu coido que aínda non estea completo, pois santo de tanta sona e que e trae ao seu pé todol-os anos un tan crecido número de romeiros é de pensar que sexa unha fonte viva e un motivo coñstante pra inspirar a musa popular.

BEN-CHO-SEY



OS HOMES, OS FEITOS AS VERBAS

O PRESIDENTE DA ACADEMIA GALEGA

Por unanimidade, e co aprauso de toda Galiza, levou a nosa Academia á cadeira presidencial ó ilustre poeta e lexicógrafo D. Eladio Rodríguez González, qu'era Segretario da dita Corporación. Don Eladio era ben merecente d'elo; a Academia foi xusta, e ademais elinou.

A obra do poeta ribeirao xa lle daba dereito, e amais d'iso, hai o Dicionario que ten feito, verdadeira enciclopedia galaica da que, pol-o *Pueblo Gallego* coñecemos-as primicias, facéndonos ver que contén en resume e en sustanza cáscque todo o que hai escrito das cousas de Galiza.

Sabemos tamén que baixo a súa presidencia, e pol-a súa idea, a Academia vai emprincipiar unha nova vida de aitividade e de traballo, tanto mais, que Don Eladio atopará hariles colaboradores nos novos académicos qu'agora entran ou van entrar, coma Cotarelo, Castillo, Martínez Morás, Villar Ponte, Otero Pedrayo, Domínguez Fontela, Castelao, Risco, Peinador, etc., e n'algús que hai dentro coma Lugo, Carré, Cabanillas, Banet Fontenla...

C'un presidente qu'escribe e fala galego, que pertence por dereito propio á nosa renacencia, a Academia ha perder tamén o xeito indeciso, tímido e misturado que viña tendo, e co-elo tamén, xa que no campo da renacencia, galeguista están sen disputa os millares valores da Terra, o nivel centífeco e literario ergueráse ben moito.

NÓS gábase de curazón de que o poeta de *Orballeiras* presida a Academia galega, e dalle o parabén a el e á corporación.

OUTRAS NOVAS

Tivo bastante eco en Galiza o feito de qu'a Real Academia Española chame ó seu seo ós representantes dos idiomas rexionás. Comenzouse e en moilas maneiras, tanto na im-

prensa coma na conversa. En xeral, o efecto que fixo foi bô. É unha proba de qu'a tradicional incomprensión vai cedendo, e isto é cousa boa.

Tamén foi comentado -especialmente por Xavier Montero- com'un paso a prol da cooficialidade. É pol-o menos unha cooficialidade literaria.

Co-iste gallo, o *Pueblo Gallego* abriu un inquérito en col de quen deben ser os académicos galegos. Hai respostas pra todol-os gustos, crar'está. Mais debemos recoller como feito espresivo, anque se trate d'un dos nosos, os moitos votos de novos e vellos que livo Ramón Otero Pedrayo.

Nos números derradeiros da *Revista de Estudios Metapsíquicos*, que se publica en Madrid, ven un traballo de J. Linares Rivas en col do libro de San Cipriano.

LIBROS

LETRAS FRANCESAS

ABEL CHEVALLEY •Tomás Deloney. Le roman des métiers en temps de Shakespeare•.

TOMÁS Deloney foi un tecelán de Norwich, traballaba na seda, intresábase no goberno comunal e frasegaba a cerveja dos grandes xerros d'estefío ó seu ventre axitado pol-a gargallada burguesa. Ademais es-quirbia novelas fories e sanguíentas coma postas de carne, chicas das grosas facelias do púbrico (marifeiros, arqueiros, burgueses, estudantes do teatro inglés, no tempo de Shakespeare. Un francés, Chevalley, amosra agora esta poderosa figura rebelde, a qu'os ingleses flián

cuaseque esquecida. Mais verdadeira Old England qu'a do goberno dos Hannover. Tamén publica dúas novelas de Deloney. (*Thomas de Reading* e *Jack de Newbury*) épica dos oficios com'os *Mestres cantores de Nuremberg*... elsaltación das corporaciós, vastas cerballeiras humans soantes ós ventos do Medio.

OUTRA VOLTA AMIEL

Estivo demasiado á moda. Na biblioteca do Ateneo (do segundo, o da rúa do Prado, e das barbas de Matías) eran, tanto o volume d'Aleda com'a versión da *España Moderna* (ouh, tempos prácidos pr'os Doutores novos en Dírreto, de Novicow, de Gumplowitz, dos rusos e italiás inda de vastas barbas!), dos libros mais usados, lixados, sudados, comentados, intrelñados, citados e fusilados. Mais parés que aquil Amiel era soilo un anaquiño de mostra. O *diario* ten dazaseis mil páxinas! Vánse publicando novos anacos e vai xurdindo outro Amiel, agora con compriaciós amorosas. Ningún home levou mais adiante seu propio análise. Estaría ben un libro (sen dúbida haino xá) sobr'a literatura xinebrina ou feita en Ginebra. Paisaxe elocvente, incirrados das prumas, Mont Blanc á vista, gosto da esmorga acrecido por faltar a Calvino. Tudo aquilo debe estare mollado de bágoas humanitarias i-os circos das montañas deben ir mostrando, no sôl-pôr, as épocas espaciadas da Historia. De tudo o pregamento alpino do pensamento de Xinebra quédome c-a roca, nova ô sol entre o lazo, de certas páxinas de Rousseau e c-o estudo de Forel sobre do Lago: foi a iniciación da Limnoloxía moderna.

CAHIERS

Medra a moda dos *cahiers*. Isto e-as edicións orixinales, as obras de luxo, caras coma xoiás, ou peles de raposo azul, outras de madeo luxo (com'o *renard argente*, acrimatación das do zorro nórdico pr'os traxes de *Magazin*), as edicións da mais fermosa páxina, as de aniversario, este, esmalian os catálogos dos mercados de libros. De tudo falarémos pr'outra vez si Diol-o quer e tamén da arte de lér os catálogos e do prestixio dos tidóos. Voltando

ós cahiers xa non teñen aquila ledicia de folia do pensamento individual com'os de Peguy, seu inventor. En xeneral responden, densamente, a un sistema d'interrogaciós. *Cahiers Nouveaux* (André Palmón, Maurois, Chenevière, Pérez de Ayala [*La chute de la maison Simón*], *Cahiers du Sud*, *Commerce* (anuncia pra iste mes inéditos de Nietzsche, Valery, i-on anónimo do sigro XIV: *Brûlement d'un here-tique*). *Cahiers contemporains*. Serán istes tres volumes da serie que se propón amstrar feixes das millores opinións sobre dos problemas d'hoxe. I. O que sei de Dios. II. O home despois da morte. III. Mais alá do Amor. Hai molta palla e algunhas boas páxinas. Nótiase a forieza do pensamento teolóxico católico, o terco surrir dos vellos materialistas fermosos tipos de señorcano, ancrados n-unha xuventude lonxana, sentimentalismo literario que mal sobre o desespero interno, o bloque indo oculista ben aveñido con cencias difíciles de especialistas. Lástema que recollan pouco mais do pensamento francés. Freud di no 3.º quaderno que non s'atopa con forzas pr'o asunto e que o noso coñecemento non pode responder a pregunta do qu'hai mais alá do amor. Sobra calquera das respostas que fai.

OS DO MERCURE

Cales restan? Pubricanse libros de todos illes. Boa ocasión pra fazerse unha biblioteca á moda de 1910. Coido que d'illes medran c-o tempo dous: Emile Verhaeren e Francis Jammes. A literatura de grande urbe ten un los-trigo e logo desaparece. Caladamente os poetas da terra (cada un da sua) fican na paisaxe com'as montañas i-as fontes, sempre novos.

ESTÁ NO PRELO

o

DICCIONARIO GALEGO "LAR"

por

LEANDRO CARRÉ ALVARELLOS

O mais compreto dos
publicados hastr'o d'agora

OS ESTRANXEIROS EN FRANCIA

Dos vivos un outro poeta, da caste dos Novalis, con certo recendo de Edade Media inda que non-o teime, o vienés Rilke. Ten un ecoar dos violís romántecos e debe saber filosofía, da *grande*. Des mortos Conrad e Raymond. Sobre dos peisanos hai en Francia unha importante literatura d'hoxe. Poderíase crasificar pol-os antigos países. Conrad pode ser chamado o Laperouse das letras. Tiña os ollos virxes pra mirar os portos do hemisferio sud, os bouquets das illas de coral i-o afasante pesadelo da Selva. Il polaco, de terra adentro cruzou e novelou en todal-as syrtas lonxanas. En troques o vello Gide anda via-xando pol-o Congo e inda non viu un sô hipopótamo. ¡Craro, çom-os vai a ver si anda a caza de volvoretas e leva no bolso os Ser-mós de Bossuet!

R. O. P.

AS NOVELAS "LAR"

O FILÓSOFO DE TAMARICA,
por XULIÁN M. MAGARIÑOS.

HUMORISTA de bó xeito, moderniza un tema que mais pol-a vella tratara no seu tempo Enrique Labarta Posse. Cando arreparamos cantos filósofos de Tamarica - parentes sen dúbida dos tan soados sabios da Lamosa - hai fora de Tamarica, non poderemos por menos d'agradecer ô Magariños o qu'houbera restituído, co fino e o xeito qu'il sabe facelo, iste tema às nosas letras.

O xardín do castelo de Vidre, d'Alvaro María de las Casas, ten un certo lonxano vallein-clanismo que lle vai moi ben. No piedoso cque-larre dos arbes e dos homes, na noite clásica do San Silvestre, mistúrase - coma cando non hai aquelarre, pol-o demais - o misterio das almas co misteiro da terra. E dito está qu'é unha pequena traxedia lírica, e pol-o tanto moi galega; obra de poeta merecente de mais longo comento.

S. N.

LEA VOSTEDE A **LAR** QUE SE EDITA
NOVELA GALEGA MENSUALMENTE.

HOSTIA, por
ARNANDO COTARELO.

O tema é mesmo de tentación pra poetas e filósofos. Priscilián é algo tan grande, encerra un misterio tan fondo, tan pouco craro, que non sei s'os galegos chegaremos endexa-mais a descubri-lo. E quen sabe si moito do noso porvir non pende n-ill! Priscilián semella repersentar eiquí, no extremo oucidente, a cul-tura máxica, a *gnose* oriental; e mais quen sabe que lonxanos entroncamentos non terá co pasado cèlligo!

O mestre Cotarelo, no meo da prosa requin-tada e sabla, escrita n-unha lèngua de rexo e arcaico enxelbrismo, adubada e enxoiada de raras verbas das lènguas sabias e telnicisms gnósticos, que rebrilan n-ela com'os cabuxós do nimbo d'un santo ou das tapas d'un evan-xeliario bizantin, d'un drama casé sen aición, ceiba eiquí e ali estrevementos que poideran ter trascendencia. O mestre Cotarelo, namora-do do seu asunto fixose priscilianista nemen-tras escribiu *Hostia*, e viveu algún tempo na herexia, coma discípulo do mártir de Tréveris... Que houbera dito o Cura de Fruime, de que co-esa devoción lle botaran abaixo unha das suas *Vindicias*? É o pior é que sabemos d'ou-tros devotos qu'hoxe ten eiquí Priscilián, tamén eruditos...

Ningún estilo mais axeitado pra tratar do bispo e doutor - que se cadra, mais que here-xe foi estravagante - qu'o estilo cheo de pom-pa oriental e de hieroglifismo sincerético - pseudomórfico, crar'está - de pedra d'Abra-xas de *Hostia*.

E outra cousa: liñamos en Galiza a novela histórica, de xeito romántico - Vicetto, López Ferreiro, Galo Salinas - derradeiramente, o drama histórico-simbólico - *O Mariscal* - mais nin a novela nin o drama propiamente arqueolóxico. Agora, D. Armando abriu o ce-miño.

V. R.

Non deixe de mercar

COUSAS por CASTELAO

Prezo CATRO pesetas

FLORES DE PORTUGAL, por
CLAUDIO BASTO, PORTO.

Enha recolleita de cen cántigas das máis lindas do pobo portugués, cantando, a Patria, o Traballo, a Familia, a Relixión, a Filosofía, o Riso, a Tristeza, o Amor. Por suposto, estas derradeiras enchen a metade do libro, e despois veñen as da Tristeza coma máis numerosas. Xa o indica o insigne folklorista: «A Tristeza e o Amor são as principais Musas do nosso Povo».

A intención d'iste pequeno volume é antolóxica, e foi pol-o tanto o requintado criterio estético do autor de *Flores do Prio*, que presideu a escolla. É un novo homaxe ó pobo poeta que é o d'alén e d'aquén Miño. Por fortuna, tamén eiquí se teñen feito antoloxías d'estas, que por certo deberan estar nas maus de todos.

ESPUMA, versos, de EDUARDO
DEL PALACIO, Avila, 1926.

EDUARDO del Palacio, ligado a Galiza por vencellos familiares, profesor que foi no Instituto d'Ourense, é fillo e herdeiro tamén no espiritual, do gran poeta Manuel del Palacio. Non é dende logo, un poeta á moda d'hoxe; mais as modas pasan, e os poetas de verdadeiro sentimento, non son esquecidos. E non é que algunha vegada non se deixe levar un pouco - non moi lonxe - pol-a corrente, case sempre por divertimento, coma no *Scherzo funambulesco*, publicado a primeira vegada n-Ourense, na revista *La Centuria*, ou o soneto *To het neu suveet-heart*, escrito en francés portugués, castelán, italián, alemán, rumano e inglés, verdadeira mostra d'abelencia políglota d'un home que xunta no mesmo libro poemas en varias lénguas.

Mais tampouco lle dá moito por istes virtuosismos, qu'unque n eles seña mestre, non son a sua corda. Non; Eduardo del Palacio é un poeta suxetivo e sentimental, puramente lírico, d'unha sinceridade ben rara n-iste tempo, e o que é aínda máis dino de loubanza, cheo d'espontaneidade e de frescura moza.

A sua forma é sinxela com'auga crara, sen irisacións d'asentes nin d'alcoholes d'avangarda. A sua arte é imaxe do seu curazón aberto e san.

Hai xa tempo que se foi d'esta Terra onde deixou amigos que non esqueceren, e agora chega o seu libro, inzado de lembranzas d'aquelles anos, puntuando istontes que pra todos tiveron o seu ledo engado...

REVISTAS

LA GACETA LITERARIA,
Madrid, Xaneiro, 1926.

O emprendimento e os propósitos d'esta *Gaceta* son cousa dina de total-as nosas gabanzas, principalmente o recoñecimento - case tan difícil com'o da República dos Soviets por Norteamérica - en quasi-coincidencia de feito co-a Real Academia Hespañola, da igualdade pol-o menos literaria dos idiomas peninsulares. Recoñecimento non por debido menos d'agradecer do esforzo espiritual estracastelán, qu'ademais, ven de bó lado. Todo isto e todo o demais, moi ben.

Non tan ben, a receta que pra desprovincianizarnos nos aconsella o Profesor Ortega e Gasset. Non semella iso descender de provincia a suburbio? Eiquí había quen daba a receita oposta... E mais non deixamos coma il d'abrigal-a esperanza de qu'agora veña a nosa volta, cansos xa os outros.

D'outra beira, o noso amigo João de Castro Osorio ven proclamar, con acenos de vidente, o soño da cultura lusitana, antieuropea, arredada, imensa, embora pechada na sua lingua e na sua raza. Qual das duas voces é a nosa n-esta primeira folla da *Gaceta literaria*? Non queremos mais que preguntalo.

Hai unha voz galega: a de Correa Calderón, que pol-o d'agora non sona mais que lírica: *A arela do neno doente*.

En conxunto: os castelás dan unha nota de modernismo agudo, un pouco alqueirante; unha presa de cobizas, que xa é moito; os catalás (Pi Suñer) de si e posesión de si mesmos; os portugueses, aínda a saudade do que foi, feita esperanza; os galegos, lirismo.

E mais non deixa ter imitanza esta folla con certas publicacións catalás, especialmente na parte d'arte (que firma Antonio Espina) aínda nas reproducións.

S. N.

BOLETIN DE LA REAL
ACADEMIA GALLEGA,
Novembre, 1926.

Letras de luto: D. Juan Barcia Caballero; D. Galo Salinas, por Eladio Rodríguez González; *Retrato de D. Manuel García Vázquez; Estudio bio-bibliográfico-crítico acerca de Rosalía Castro*, por Eugenio Carré Aldao; *Los altares primitivos del Apóstol Santiago*, por Celestino García Romero; *Aportazón ao estudo da prehistoria galega; Depósito inédito dos primeiros tempos do bronce*, por Fermín Bouza Brey; *Palacios y fortalezas de la Mitra de Santiago antes de la guerra hermandina*, por José Couselo; *Sección oficial*.

A NOSA TERRA, primeiro
d'ano 1927.

Ao decorrel-os días. - Intresante nota *En-col da paisaxe xeográfica* por Ramón Otero Pedrayo. - Sigue *No camiño de Sant'Yago* (etapa do Irixo a Silleda) por Xavier Pardo. - Notas do momento galeguista na América, e unha carta de París de Corona González. - *Marxinales* por F. Abelaira; *A Brigancia*, por X. Fernández Merino. - *Lecturas.* - *A uns ollos*, versos de José M. Cabada Vázquez.

CÉLTIGA,
Bós Aires.

Nos números derradeiros - por certo medrando en intrés, en fervor e en calidade literaria de día en día - traballos de Núñez Búa, Suárez Picallo, Paz Andrade, A. Alonso Ríos, F. L. Cuevillas, José H. Soto, Lesta Meis, A. Villar Ponte; poesías de Julio Sigüenza, Eladio Rodríguez González, Lisardo Barreiro, etc; notas de Galiza, *Galería de intelectuales argentinos*; Selección gráfica, deportes etcétera.

Céltiga é na República Arxentina a millor representación do pensamento galego d'eiquí, e da élite da nosa colonia n-aquela terra, que fai un traballo de desintres e sacrificio pra reintegrar ós galegos d'alén-mar na y-alma da súa terra.

S.

LA CRUZ DEL SUR,
Montevideo.

Enha revista que lembra *Alfar*, e que testemuña a presenza alá do noso amigo Julio J. Casal, com'*Alfar* lembra eiquí sen dúbida Montevideo e denuncia a presenza na Cruza de Julio J. Casal. Xa non hai Atlántico, poideira decir quen tal vira - e mais aínda o hai, e non queremos faguer profecías, qu'agora non se fan mais que n-Alemaña.

Raros linolenms, todos da mesma rreza, porqu'están estreitamente emparentados; ensalos, poemas; unha gran preocupación nacionalista, *nativista*: «una poesía del arrabal y del campo, del indio y del gringo tales como aparecen y se realizan en el Rio de la Plata» ou ben «un gauchismo cósmico vinculado con el pensamiento platónico, con la calidad pitagórica y con el Oriente esotérico», uns e outros en posición antieuropea, anqu'a mesma preocupación haxa nos antifradicionalistas, defensores da estética do noso século. Benla ós que teñen desexo de ser; málea ós que queren ser outros. A concencia americana pode que empeze a alborexar, mais o millor pra iles sería indianizarse.

S. N.

EL DESPERTAR GALLEGO,
Bós Aires.

É o órgano da *Federación de Sociedades gallegas agrarias y culturales*. Co número extraordinario de 17 de Nadal, cumpre o seu quinto ano de publicación. Ise día celebrouno a Federación c'un homaxe público en lembranza do Mariscal Pero Pardo de Cela, sobre o que deu unha conferencia Suárez Picallo.

Das doce follas do extraordinario, dazaseis páxinas veñen adicadas a reseñala importante actividade social dos federados, a asuntos oficiais da federación, e a recoller novas de Galiza, sendo de notar un historial do Centro Galego de Bós Aires.

As restantes oito páxinas son d'homaxe ó Mariscal e de espallamento da literatura e dos estudos galegos, traí n-etras un anacos do drama de Cabanillas e Vilar Ponte, unha historia de Pardo de Cela e a súa sinificación histórica, un estudo das Irmandades do século XV de

Suárez Picallo, outro do Monte Medullo de José Abella, excerptos de libros galegos e outras cousas de mérito e intrés.

OS ESTRORDINARIOS DE PRIMEIRO D'ANO.

COMA de cote, son os xornás de Vigo os que dan a pauta. Foron notables os números de *El Pueblo Gallego* e *Faro de Vigo*, que xuntaren pra ise día as milloras firmas da nosa Terra. Iban esas firmas ó pé de traballos ben dinos de seren conservados e lembrados. Non hai dúbida qu'a imprensa galega ten hoxe un tono espiritual ben mais outo qu'a de Madrid; estamos xa n-esto emancipados. É pol-o tanto nosa imprensa hoxe en día, un bó instrumento de cultura popular.

GIL VICENTE,
Guimarães

Os volumes números 5 e 6 da 2.^a serie d'esta interesantísima revista mensual literaria e de cultura nacionalista de Portugal contén o seguinte sumario: O anatema da Flandres. Prelúdios da Traición de Lesa-Pátria, por João

de Ourique; As caravelas, por Rui Galvão de Carvalho; A mata (conto) por Francisco de Queiroz; Velharias Vimaranenses; Documentos e Efemérides (1826. Guimarães ha 100 anos), por João Lopes de Faria; Janela do século XVI (gravura) desenho do Dr. Luís de Pina; Sohando ao pe do mar!.. por Parente de Figueiredo; As bruxas de Pencelo, por Alberto Vieira Braga; Vária. Das Ideas e dos Factos, Redacção; Vitrine dos Livreiros - Dos libros e dos Autores, por Horacio de Castro Guimarães; Publicações recebidas.

Se en xeneral todas as revistas de literatura e cultura teñen intrés para nós, as que nos envían do país irmán, Portugal, téñena en grado suuro porque en moitos casos son como complemento ou axuda da labor que nós mesmos vimos realizando. Por outra parte a compenetración e conocimento mútuo entre literatos e cultistas dos dous pobos ten unha grandísima importancia nestes tempos en que o Allantismo afínase fondamente na concencia de portugueses e galegos.

Imprenta LAR. Real, 36-1º A Cruña

No Desterro, Da Terra Aseballada, Vento Mareiro, Na Noite Estrelecida e O Bendito San Amaro

poesías do poeta da raza RAMÓN CABANILLAS Pedidos a LAR - A CRUÑA

Dr. MOSTEIRO

MÉDICO ODONTOLOGO

Medicina e Cirugia da boca -- Electricidade -- Rayos X

A Clínica Dental mais completa de Galicia

SÁNCHEZ BREGUA, 5-1.º

A CRUÑA

Apartado 67

Teléfono urbano 78
Id. Interurbano 49

Fernández, Torres e C.^a

FERROS -- ACEIROS -- FERRETEIRÍA
MAQUINARIA AGRICOLA

Linares Rivas, 12

A CRUÑA

LUIS FÁBREGA

Droguería e Farmacia

Progreso esquina a Luis Espada
OURENSE

MERQUE VOSTEDE

Plumeiros RAFIUM

De mais dura que os de pruma e limpa mellor
Véndense en todos os establecementos do ramo
Andrés Perille - OURENSE

Reloxería ZENITH

Máquinas parlantes, Discos, Agullas
e Accesorios

M. Calviño
OURENSE



A mais económica de Galicia

MERQUE VOSTEDE

SINTESE XEOGRÁFICA DE GALICIA
por Ramón Otero Pedrayo

SANATORIO QUIRURJICO
DIREITORES

Manuel Peña Rey
Ginecología e Partos

José Mosquera Blanco
Cirugía xeral
Especialista na gorxa, nariz e ouvidos

Situado fronte á Alameda do Crucelro, ten todas as condicións precisas.—Practicase toda clase de operacións.—Dotado de todos os adiantos que pide a actual Cirugía.—Modernas instalacións de RAYOS X pra diagnóstico e RADIOTERAPIA superficial e fondo con voltaxe de 250.000 voltios.—Aparello de Diatermia pra tratamento de Aueixites, procesos inflamatorios, reumatismo, etcétera.
Lámpara de cuarzo pra sol d'altitud e ultra violeta pra tratamento d'escrofulosis, raquitismo, alopecias, eczemas, etcétera.
Admítense embarazadas, e cóntase con material esterilizado pra fora da cidade en casos d'urxencia.—Poden colaborar en todos os compañeiros, previo consentimento dos directores.

BODEGAS GALLEGAS PEARES E OURENSE

Vinos finos de mesa: Tinto TRES RIOS Blanco BRILLANTE. LOS GALLEGOS blanco e tinto
Macía e Valeiras, Apartado 18-- Ourense

Augas bicarbonatado-sódicas de
M O N D A R I Z



FONTES DE GÁNDARA e TRONCOSO
Propiedade dos FILLOS DE PEINADOR

MONDARIZ—BALNEARIO está situado a 35 kilómetros de Vigo e a 20 das
estaciós de Porriño e Salvatierra de Miño

O Hotel do Estabrecimento está aberto do 1.º de Mayo a 31 de Octbre

PÚXOSE Á VENDA

ROSZIA:POR
ARMANDO
OZARLO

SEIS reás



F. ROMAN E SACO
DROGUERIA

e FARMACIA

Ferreira, 19

Telefone 28

OURENSE



ADEQUIRA

SINZES:XEGRÁFICA

DE:GALICIA:POR:R.

OZERO:PEDRAYO

TRES peseta